

***En resumidas cuentas.* Pepe Murciego**

Roxana Popelka

Nos seus primeiros traballos con *performances* de finais da década de 1990, Pepe Murciego (Madrid, 1967) utilizaba como elemento inalterable nas accións a recitación das súas anotacións minuciosas a modo de axenda semanal. Prevalecía como intención a necesidade de compartir co público unha información que incluía o cotián como recurso valioso e que para o artista, co paso do tempo, segue constituíndo un material biográfico de primeira man. Nalgunhas accións Pepe solicitaba do público unha participación activa que, en ocasións, comprendía a entrega dalgún material similar: resguardo de compra e demais lixo acumulado en petos e billeteras que lle proporcionaban ao *performer* compoñentes inestimables cos que apoiar as súas accións baseadas no intercambio recíproco, semellante ao comercio do Kula descrito polo antropólogo Malinowski.

Desde o ano 2006 e sen perder o interese por reflectir a realidade cotiá, Pepe Murciego, acompañado habitualmente nas súas accións por Roxana Popelka (Gijón, 1966), mostra a súa atención pola construción da identidade, que resolve a través dun traballo conxunto e inclúe nas súas accións o binomio: presenza/ausencia. Nelas introdúcense imaxes previamente gravadas, en distintas situacións, onde utiliza o vídeo como soporte para se representar nun intento de abandonar os medios tradicionais de interpretación e falarnos dunha nova construción da identidade.

En resumidas cuentas, peza que Pepe Murciego presenta con motivo das V Xornadas de Arte de Acción Chámalle X, reconduce o interese do artista por conxugar accións presenciais xunto a outras que non o son e que permanecen como elemento cambiante en cada traballo, pero que confiren distinto significado en cada peza.

É por iso que a primeira parte da acción transcorre na súa totalidade no monitor, onde se reproduce o rostro de Roxana, que nesta ocasión xoga foneticamente co título da acción *En resumidas cuentas*. O *performer* permanece, durante ese tempo, en silencio, tombado sobre a mesa e coa cabeza agochada tras o monitor. Na segunda parte da peza le escritos de uso persoal. A acción remata cunha terceira parte onde o artista incorpora pequenas caixas «rusas» con forma de corazón, aliñadas e clasificadas por tamaños (a modo de achados arqueolóxicos). Nestes corazóns Murciego verte o viño que se vai trasladando dunha caixa-corazón a outra que é cada vez máis pequena. Antes de continuar o transvasamento á seguinte caixa, Pepe bebe o viño creando un ritmo que o anima a continuar.

En resumidas cuentas é un traballo que reflexiona sobre a identidade desde o cotián, a través dunha proposta que revaloriza a utilización de linguaxes, medios e soportes híbridos en consonancia con posturas ideolóxicas propias da sociedade de cambio de século.